

Resumo da Programación Didáctica

LATÍN I 1º BACHARELATO

Ao longo do curso o alumnado desta materia deberá poder ser quen de:

1.	Localizar nun mapa o marco de expansión da lingua latina
2.	Situar xeograficamente os principais restos arqueolóxicos
3.	Concepto de indoeuropeo e familias lingüísticas ás que da lugar
4.	Linguas romances e non romances de España
5.	Distinguir palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos. Saber empregalos na propia linguaxe.
6.	Nocións básicas de evolución fonética, morfolóxica e semántica do latín ao galego e ao castelán.
7.	Orixes da escritura. Sistemas de escritura.
8.	Orixe e evolución do alfabeto latino.
9.	Tipos de palabras: variables e invariables.
10.	Flexión nominal e pronominal: substantivos, adxectivos e pronomes.
11.	Flexión verbal.
12.	Elementos da oración; casos, concordancia. Sintaxe: oracións simples e compostas
13.	Subordinación: infinitivo e participio. O subxuntivo.
14.	Historia de Roma da orixe lexendaria ao Imperio. Romanización de Hispania e da Gallaecia.
15.	Organización política e social de Roma.
16.	Mitoloxía e relixión. Deuses e sacerdotes. O culto privado. Ritos funerarios.
17.	Obras públicas e urbanismo. A cidade e a vivenda. O lecer
18.	Iniciación ás técnicas de tradución. Traducción de textos adaptados.
19.	Produción de pequenos textos en lingua latina
20.	Locucións latinas de uso actual.

A avaliación vai realizarse tendo en conta o traballo desenvolvido polo alumnado en torno a tres eixes fundamentais:

- Traballo autónomo (33,3%)
- Aprendizaxe cooperativa (33,3%)
- Participación na aula (33,3%)

As tres avaliacións que temos sinaladas neste centro van ter unha ponderación cada unha delas e vai ser continua e progresiva, pois a mellora no facer do alumno é o que máis debe e pode ser considerado: 1ª avaliación 20%, 2ª avaliación 30%, 3ª avaliación 50%

En caso de ter que utilizar unha ensinanza mixta (lectiva presencial e semipresencial) ou plenamente non presencial, por mor da situación de pandemia polo Covid-19 ou calquera outra que poda presentarse, a participación na aula será substituída polo traballo autónomo, de aprendizaxe inversa.